

Programación de Área: Inglés

**Curso 2022-2023
IES de Rodeira**

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

1. Introducción e contextualización.....	4
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Perfil competencial.....	4
3. a. Concreción dos obxectivos en relación cos contidos, os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe e as competencias clave. Os instrumentos de avaliación.....	6
2º ESO	Erro Marcador non definido.
4º ESO.....	2222
2º Bacharelato.....	41
3. b. Relación dos estándares de aprendizaxe do Bloque 5 cos outros Bloques. Concreción dos estándares básicos. Temporalización. Instrumentos de avaliación e formas de rexistro.....	60
2º ESO	60
4º ESO.....	74
2º Bacharelato.....	88
4. Concreción.....	10202
4. a. Temporalización	102
4. b. Grao mínimo de consecución para superar a materia.....	102
4. c. Procedementos e instrumentos de avaliación	103
ESO.....	103
2º de Bacharelato	106
5. Concrecións metodolóxicas que require a materia.....	109
6. Materiais e recursos didácticos.....	110
7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	111
8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente	111
9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	111111
Plans de traballo para a superación das materias pendentes (ESO).....	111111
Actividades de seguimento das materias pendentes (BACH)	11112
Actividades de recuperación. Reforzos para lograr a recuperación en Bacharelato	11113
10. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados. Plan de Refuerzo.....	113
11. Medidas de atención á diversidade.....	114
11.a Seccións Bilingües.....	114
12. Concreción dos elementos transversais	114
13. Actividades complementarias e extraescolares	115
14. Mecanismo de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica.....	115
Anexo I	116

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

Anexo II	116
Apéndice <i>Ensino Non presencial</i>	117
Compoñentes do Seminario de Inglés	1121

1. Introducción e contextualización.

O alumnado do noso centro é o característico dunha área urbana de costa que conserva rasgos rurais marcados. As familias en xeral son de clase media-baixa ou de clase media, en algúns casos monoparentais ou en proceso de selo.

Nos últimos anos presentámonos un alto índice de alumnado con necesidade de apoio, ben por problemas familiares, ou por algún tipo de doenza diagnosticada.

Temos tamén alumnado inmigrante, acostumado a outros xeitos de entender a vida escolar.

O último trimestre do curso 2019-2020 destacou outras características a ter en conta sobre o noso alumnado:

- unha parte ou carece da tecnoloxía requirida para un ensino a distancia (ben por falta de dispositivos ou por falta de boa conectividade), aínda que o centro está preparado para dotar ó alumnado dos medios necesarios que subsanen esta carencia.
- ou carece da autonomía necesaria para unha ensinanza non presencial, o cal é unha das nosas prioridades.

2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Perfil competencial.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira contribúe á adquisición da **competencia en comunicación lingüística** de xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. Unha aprendizaxe da lingua estranxeira baseada no desenvolvemento de habilidades comunicativas, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia básica no mesmo sentido que o fai a primeira lingua.

A achega da lingua estranxeira ao desenvolvemento desta competencia é primordial no discurso oral ao adquirir as habilidades de escoitar, falar e conversar, unha relevancia singular nesta etapa. Así mesmo, a aprendizaxe da lingua estranxeira, mellora a competencia comunicativa xeral ao desenvolver a habilidade para expresarse, oralmente e por escrito, utilizando as convencións e a linguaxe apropiada a cada situación, interpretando diferentes tipos de discurso en contextos e con funcións diversas. Por outra banda, o recoñecemento e a aprendizaxe progresiva de regras de funcionamento do sistema da lingua estranxeira, a partir das linguas que se coñecen, mellorará a adquisición desta competencia.

A partir da adquisición da linguaxe, esta convértese en vehículo do pensamento humano, en instrumento para a interpretación e representación da realidade e na ferramenta de aprendizaxe por excelencia. Esta materia contribúe ao desenvolvemento da **competencia para aprender a aprender** posto que acrecenta a capacidade lingüística xeral conferíndolle novas potencialidades e recursos diferentes para a comprensión e expresión, facilitando ou completando a capacidade de alumnos e alumnas para interpretar ou representar a realidade e así construír coñecementos, formular hipóteses e opinións, expresar e analizar sentimentos e emocións.

Esta materia é ademais un bo vehículo para o desenvolvemento da **competencia social e cívica**. As linguas sèrvenlles aos falantes para comunicarse socialmente, forman parte da cultura común das diferentes comunidades e nacións. Pero tamén, en gran medida, son vehículo de comunicación e transmisión cultural, e favorecen o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas e o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento. O intercambio de información persoal axuda a reforzar a identidade dos interlocutores. Doutra banda, en lingua estranxeira é especialmente relevante o traballo en grupo e en parellas e, a través destas interaccións, apréndese a

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

participar, a expresar as ideas propias e a escoitar as dos demais, desenvólvese a habilidade para construír diálogos, negociar significados, tomar decisións valorando as achegas dos compañeiros, conseguir acordos, e, en definitiva, favorécese aprender de e cos demais.

As competencias citadas están na actualidade en relación directa coa competencia **dixital**. As tecnoloxías da información e a comunicación ofrécennos a posibilidade de comunicarnos en tempo real con calquera parte do mundo e tamén o acceso sinxelo e inmediato a un fluxo incesante de información que medra cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira facilita o acceso á información que se pode atopar nesta lingua, á vez que ofrece a posibilidade de comunicarnos utilizándoa. Ademais, facilita a comunicación persoal a través do correo electrónico en intercambios con mozos doutros lugares, e, o que é máis importante, crea contextos reais e funcionais de comunicación. Así mesmo, na medida en que a lingua estranxeira esixe o contacto con modelos lingüísticos moi diversos, a utilización de recursos dixitais para a aprendizaxe, é inherente á materia e este uso cotián contribúe directamente ao desenvolvemento desta competencia.

Esta materia inclúe especificamente un achegamento a manifestacións culturais propias da lingua e dos países nos que se fala e, xa que logo, contribúe a adquirir a **competencia en conciencia e expresións culturais** ao propiciar unha aproximación a obras ou autores que contribuíron á creación artística. Así mesmo, a área contribúe ao desenvolvemento desta competencia se se facilita a expresión de opinións, gustos e emocións que producen diversas manifestacións culturais e artísticas e se se favorecen os traballos creativos individuais e en grupo, como a realización e representación de simulacións e narracións. En definitiva, vehicular en lingua estranxeira o coñecemento e a apreciación da diversidade cultural a partir de manifestacións artísticas, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia.

O coñecemento dunha lingua estranxeira contribúe tamén á adquisición da **competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor**, en varios sentidos. O currículo fomenta o traballo cooperativo na aula, o manexo de recursos persoais e habilidades sociais de colaboración e negociación, o que supón pór en funcionamento determinados procedementos que permiten o desenvolvemento de iniciativas e toma de decisións na planificación, organización e xestión do traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.

Todas estas competencias deberán ser traballadas e adquiridas polo alumnado.

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

3. a. Concreción dos obxectivos en relación cos contidos, os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe e as competencias clave. Os instrumentos de avaliación.

2º ESO

Bloque 1. Comprensión de textos orais					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Instrumentos de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: <ul style="list-style-type: none"> – Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. – Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema. – Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica). – Identificación de palabras clave. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando), que permiten inferencias do significado baseadas no contexto; uso dos coñecementos referenciais sobre o tema, así como identificación de palabras clave. ▪ B1.2. Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lentamente e claramente, e seguir 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.1. Comprende fórmulas básicas de relación social para iniciar e terminar o discurso e expresar benvidas, desculpas e agradecementos, e identifica a relación de formalidade entre as persoas interlocutoras e o propósito comunicativo. ▪ PLEB1.2. Comprende instrucións e textos breves e sinxelos producidos en contextos reais e simulados, articulados con claridade, ritmo pausado e acentuación estándar, que conteñan vocabulario relativo a lugares, persoas, obxectos, acontecementos e accións ligados a temas sinxelos e habituais na súa idade e no 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD 	<p>Probas específicas de Listening Comprehension, tanto grabacións como reais</p> <p>Exercicios de elección múltiple, de encher ocós; preguntas con respostas abertas ou guiadas,...</p>

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

	<ul style="list-style-type: none"> – Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos. – Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece. ▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. ▪ B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito. Estratexias de comprensión: – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. – Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. – Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes). 	<p>indicacións sinxelas e breves que conteñan vocabulario propio do nivel.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis salientables en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito. ▪ B1.4. Comprender os puntos esenciais e os detalles máis relevantes en conversas cotiás, reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, sentimentos ou sensacións físicas básicas, expresadas con certa naturalidade e boa articulación, se pode escoitalas de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito. 	<p>seu contexto escolar.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.3. Comprende o esencial en situacións de comunicación, cara a cara ou gravadas, nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas habituais para a súa idade e o seu nivel escolar, que se refiran aos ámbitos persoal público e educativo, sempre que se fale pausadamente e con claridade, e se poida escoitar máis dunha vez. ▪ PLEB1.4. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións sobre temas educativos que estea a aprender, profesionais moi sinxelos ou do seu interese inmediato (por exemplo, sobre un tema curricular ou unha profesión). ▪ PLEB1.5. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal espontánea, relacionada coas actividades de aula e de simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversos fins comunicativos, se a produción é articulada con 		
--	--	---	--	--	--

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

	<ul style="list-style-type: none"> – Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión dos elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Recoñecer os puntos esenciais e a información principal de textos orais ou audiovisuais breves, articulados pausadamente e con claridade, que conteñan narracións e/ou descricións moi sinxelas, que traten sobre asuntos moi previsibles da vida cotiá ou moi coñecidos. B1.6. Comprender transaccións moi básicas de bens e servizos (datos persoais, horarios e prezos), transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, e articuladas con certa lentitude e claridade, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poidan escoitar máis dunha vez 	<p>claridade e cunha velocidade media, pero con pausas.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.6. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descricións, narracións, peticións de información e expresión dos gustos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou a reformular o dito. ▪ PLEB1.7. Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas emitidas por medios audiovisuais sobre temas concretos e coñecidos (tempo atmosférico, noticias presentadas con imaxes moi redundantes, etc.) e sobre transaccións habituais de bens e servizos, pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que deba escoitalas máis dunha vez. 		
Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Instrumentos de avaliación
▪ a	▪ B2.1. Estratexias de	▪ B2.1. Utilizar as estratexias	▪ PLEB2.1. Interactúa nas	▪ CCL	Probas específicas

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ d ▪ e ▪ i 	<p>produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Planificación: – Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. – Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. – Execución: – Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. – Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. – Expresión da mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. – Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría 	<p>máis adecuadas para producir textos monolóxicos que aborden descrições, narracións e explicacións breves e sinxelas sobre acontecementos, experiencias, condicións de vida e coñecementos diversos, con certa fluidez e pronuncia intelixible, utilizando conectores textuais e con dominio do vocabulario elemental, para lograr a finalidade da comunicación.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Producir textos breves e comprensibles, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dea, se solicite e se intercambie información básica sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo propios da súa idade e do seu nivel escolar, e se xustifiquen brevemente e de xeito básico os motivos de determinadas accións e de plans sinxelos, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten 	<p>actividades de aula a maioría das veces ou intervén na lingua estranxeira, cunha pronuncia comprensible, e persevera no seu uso aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.2. Aмосa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras. ▪ PLEB2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual (por exemplo transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou a súa ocupación, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD 	<p>de Speaking (Speech and Interaction), cos docentes e o alumnado</p> <p>Entrevistas, conversas sobre temas cotiás (role play), exposicións orais, descrições de fotos e feitos, ...</p>
--	---	---	--	--	---

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

	<p>expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos – Lingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> – Modificación de palabras de significado parecido. – Definición ou parafraseo dun termo ou dunha expresión. – Petición de axuda ou clarificación. – Paralingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> – Sinalización de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado. – Uso de linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal) – Uso de elementos cuasiléxicos de valor comunicativo (hum, puah, etc.). – Uso de elementos prosódicos (pausas, ritmo, entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ao destinatario 	<p>evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e para seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito, e mesmo solicite axuda ao interlocutor para expresar adecuadamente o seu texto.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Participar en conversas espontáneas relacionadas coas actividades de aula e en simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversos fins comunicativos, establecendo contacto social en función da situación de comunicación, reformulando e rectificando se non se comprende, e pedindo aclaración se non entende algo. ▪ B2.4. Utilizar estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando con elas na interacción, verificando a comprensión propia e das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.4. Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), sempre que a persoa interlocutora coopere, falando amodo e con claridade, e repetindo ou reformulando. ▪ PLEB2.5. Participa en conversas informais cunha pronuncia comprensible cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta. ▪ PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante 		
--	---	---	--	--	--

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

	<p>ou oínte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender. ▪ B2.3. Rutinas ou modelos de interacción básicos segundo o tipo de situación de comunicación propia da súa idade e do seu nivel escolar. ▪ B2.4. Uso básico da quenda de palabra, con indicadores sinxelos de que se quere falar e de recoñecemento do desexo de falar das demais persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Manexar con certa fluidez frases feitas curtas, grupos de palabras e fórmulas básicas para desenvolverse de xeito suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, aínda que se interrompa o discurso para procurar expresións e articular palabras menos frecuentes. ▪ B2.6. Intercambia información ou responde a preguntas directas simples e breves, relativas a información persoal, hábitos, gustos, estudos etc., en relación con ámbitos e temas inmediatos cos que xa estea familiarizado. ▪ B2.7. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación do interlocutor. 	<p>estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas do seus compañeiros e das súas compañeiras.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.7. Toma parte nunha conversa formal ou entrevista moi sinxela de carácter educativo ou ocupacional moi habitual e traballado previamente, intercambiando información suficiente e básica de carácter persoal e sobre hábitos, gustos ou estudos, preguntando sobre problemas prácticos e reaccionando de forma sinxela ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita, e se o interlocutor coopera, falando amodo e con claridade, repetindo ou reformulando. 		
Bloque 3: Comprensión de textos escritos					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Instrumentos de avaliación
▪ a	▪ B3.1. Estratexias de	▪ B3.1. Utilizar as estratexias	▪ PLB3.1. Segue, con axuda	▪ CCL	Exercicios específicos

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ d ▪ i 	<p>comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. – Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). – Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), adaptando a comprensión a el. – Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). – Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. – Inferencia e formulación de hipótese sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais. – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos 	<p>máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Comprender mensaxes breves e sinxelas que conteñan instrucións, indicacións e información básica referida a necesidades inmediatas ou de carácter educativo ou ocupacional moi básico, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual. ▪ B3.3. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e os detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves, sinxelos e ben estruturados, 	<p>da imaxe, instrucións sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, así como instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, manexo dun móbil ou prevención de riscos nunha excursión).</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLB3.2. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo e ocupacional moi básico. ▪ PLB3.3. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD 	<p>de Reading Comprehension, tanto do libro de texto, como materiais do mundo alleo a escola. Preguntas con respostas abertas ou guiadas, de elección múltiple, de encher ocos, resumos da ideas relevantes dun texto.</p>
---	--	---	--	--	--

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

	<p>elementos.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto. 	<p>escritos nun rexistro informal ou estándar, que traten asuntos cotiáns, temas coñecidos e previsibles de interese ou relevantes para os propios estudos, e que conteñan estruturas e un léxico básicos de uso común e habitual.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Identificar e interpretar palabras e enunciados clave sinxelos e contextualizados, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar, coa axuda de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con outras materias do currículo. ▪ B3.5. Comprender a información esencial de correspondencia persoal moi breve e sinxela en calquera soporte, identificando o rexistro formal ou informal, o propósito e as fórmulas de relación social, e outras convencións básicas propias deste tipo de texto. ▪ B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, 	<p>redundantes sobre temas relativos a materias educativas, ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLB3.4. Comprende correspondencia persoal en calquera formato e en rexistro estándar na que, de xeito sinxelo e básico, se fale de si mesmo/a; se describan persoas, obxectos e lugares; se narren acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios; se expresen sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. ▪ PLB3.5. Entende información básica de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un 		
--	--	---	--	--	--

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

		aos intereses e ao nivel escolar.	curso de idiomas ou unha compra por internet). <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLB3.6. Comprende con fluidez textos de historias de ficción adaptados para o seu nivel. 		
Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Instrumentos de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> – Planificación: <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.) – Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, información sobre o tema, etc.). – Execución: <ul style="list-style-type: none"> – Elaboración dun borrador. – Estruturación do 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple, por exemplo copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, ou pondo una idea principal en cada parágrafo. ▪ B4.2. Escribir en papel ou en soporte electrónico textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro estándar ou informal, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión e de coherencia, e as convencións ortográficas básicas, os signos de puntuación máis comúns, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLB4.1. Utiliza estratexias que faciliten o proceso de escritura: segue modelos de textos de características similares, planifica o texto, elabora un borrador, corrixe tanto a ortografía como a orde das ideas e das palabras, etc. ▪ PLB4.2. Escribe textos moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos moi coñecidos e habituais no ámbito educativo, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares. ▪ PLB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD 	<p>Exercicios específicos de Writing con estruturas diversas.</p> <p>Redaccións sobre distintos temas do currículo incluíndo as estruturas vistas, preguntas de respostas abertas, ou guiadas, resumos...</p>

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

	<p>contido do texto.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. – Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. – Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos e temáticos dispoñibles. – Recurso aos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.). – Revisión: <ul style="list-style-type: none"> – Identificación de problemas, erros e repeticións. – Atención ás convencións 	<p>cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente para a súa idade e o seu nivel escolar; así como as convencións ortográficas máis habituais na redacción de textos en soporte electrónico.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Describir de forma moi sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar de xeito lineal feitos e experiencias sinxelas, así como expor información básica e previamente preparada relacionada con temas cotiáns ou con materias do currículo. ▪ B4.4. Cubrir documentos básicos nos que se solicite información persoal relativa a actividades diarias, intereses (deportes, música, etc.), gustos, etc. ▪ B4.5. Escribir mensaxes sinxelas en diferentes soportes con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade. ▪ B4.6. Escribir correspondencia breve e sinxela en papel ou 	<p>aos seus intereses ou ás súas afeccións.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese persoal, ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e facilmente comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén cando se utilizan as redes sociais. ▪ PLB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información sobre si mesmo/a e a súa vila (por exemplo), se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais (por 		
--	--	---	--	--	--

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

	<p>ortográficas e aos signos de puntuación.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.). – Reescritura definitiva. <ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Características textuais: <p>Uso de recursos básicos para elaborar textos con coherencia e cohesión propios do seu nivel escolar</p>	<p>soporte dixital, na que se dea información persoal básica e se expresen gustos, sentimentos e opinións.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.7. Presentar os textos escritos de maneira coidada (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.) en soporte impreso e dixital, adecuados aos fins funcionais e valorando a importancia da presentación nas comunicacións escritas. 	<p>exemplo, unhas vacacións), se dan instrucións sinxelas, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación. 		
Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Instrumentos de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. – Sons e fonemas vocálicos. – Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. – Procesos fonolóxicos básicos. – Acento dos elementos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións. ▪ B5.2. Aplicar á comprensión e á produción de textos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.1. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións con diversos fins comunicativos, facéndose comprender, producindo con suficiencia discriminativa trazos fonéticos significativos que 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD 	<p>Probas específicas de Use of English, Writing, Listening, Reading e Speaking sobre material real, traballos de aula, exercicios de complexión abertos ou de encher ocas. Exercicios de elección múltiple...</p>

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

	<p>léxicos illados, e no sintagma e na oración.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas. <ul style="list-style-type: none"> – Uso das normas básicas de ortografía da palabra. – Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. ▪ B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos. <ul style="list-style-type: none"> – Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas, de normas de cortesía e de rexistros informais e estándar, así como da linguaxe non verbal máis habitual. – Achegamento a algúns aspectos culturais visibles próximos ao seus intereses (música, lecer, deportes, produción escrita, lugares, poboación, etc.), e a costumes, valores e actitudes máis evidentes relacionados con aspectos propios da súa idade, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fala a lingua 	<p>escritos as normas ortográficas básicas da palabra e da oración.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Incorporar á produción do texto oral e escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a estruturas sociais, relacións interpersoais, patróns de actuación, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis importantes nos contextos respectivos. ▪ B5.4. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas do resto do alumnado, de ser o caso, amosando curiosidade e respecto perante as diferenzas. ▪ B5.5. Utilizar as experiencias e os 	<p>distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e recoñecendo e producindo comprensiblemente patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.2. Escribe cun dominio ortográfico suficiente para facer comprensible os textos, sen cometer erros moi básicos sobre as regularidades ortográficas máis relevantes. ▪ PLEB5.3. Utiliza as convencións básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.) ▪ PLEB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas 		<p>Ver nota ao remate deste punto 3.</p>
--	---	--	---	--	---

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

	<p>estranxeira.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas básicas nos costumes cotiáns e no uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. – Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. <p>▪ B5.4. Plurilingüismo.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Recoñecemento da realidade plurilingüe do propio contorno. – Recurso aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para mellorar a aprendizaxe, e da lingua estranxeira, para lograr unha competencia comunicativa integrada. – Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe 	<p>coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe; apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe, e valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal, ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.</p> <p>▪ B5.6. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando, con suficiente dominio para o seu nivel escolar, os expoñentes máis</p>	<p>diversas culturas, de ser o caso, do resto do alumnado, e evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLB5 5. Nas actividades de aula utiliza, para a comprensión e a elaboración de textos, o coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfolóxicos, sintácticos e discursivos, así como os procesos de realización das actividades lingüísticas de comprensión e produción. ▪ PLB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e partextuais). ▪ PLEB5.7. Coñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para 		
--	--	---	---	--	--

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

	<p>como persoa plurilingüe.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Funcións comunicativas. <ul style="list-style-type: none"> – Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas. – Descrición de calidades físicas e abstractas básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades. – Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión básica de sucesos futuros. – Petición e ofrecemento de información, indicacións, expresión sinxela de opinións e consellos, advertencias e avisos. – Expresión do coñecemento, a certeza e a dúbida. – Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición. – Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios. 	<p>comúns e básicos desas funcións e os patróns discursivos igualmente básicos de uso máis frecuente.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.7. Comprender e utilizar rutinas e o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas reais ou simuladas. <p>B5.8. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	<p>comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. 		
--	--	--	---	--	--

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

	<ul style="list-style-type: none"> – Formulación de suxestións e desexos, e expresión básica de condicións e hipóteses. – Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso. ▪ B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras, alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación. – Expresións fixas e enunciados fraseolóxicos máis habituais, – Saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión de opinións – Léxico sobre temas relacionados con contidos sinxelos doutras áreas do 				
--	---	--	--	--	--

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

	currículo. ■ B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma.				
--	--	--	--	--	--

Contidos sintáctico discursivos

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*and, too, also*); disxunción (*or*); oposición (*but*); causa (*because (of); due to*); finalidade (*to + infinitive; for*); comparación (*as/not so +Adj.+ as; more comfortable/ quickly, faster (than); the fastest*); resultado (*so...*); condición (*if; unless*).
- Relacións temporais (*as soon as; while*).
- Afirmación (*affirmative sentences; tags*)
- Exclamación (*What + Adj. + noun, e. g. What a wonderful trip!; How + Adj., e. g. How amazing!; exclamatory sentences and phrases, e. g. Well, that is a surprise! Fine! Great! Terrific!*).
- Negación (*negative sentences with not, never, non (Noun, e. g. never mind, not to worry), nobody, nothing; negative tags*).
- Interrogación (*Wh- questions; Aux. Questions; What is this for?; tags*).
- Expresión do tempo: pasado (*past simple and continuous; present perfect*); presente (*present simple and continuous*); futuro (*going to; will; present simple and continuous + Adv.*).
- Expresión do aspecto: puntual (*simple tenses*); durativo (*present and past simple/perfect; and future continuous*); habitual (*simple tenses (+ Adv., e. g. usually); used to*); incoativo (*start –ing*); terminativo (*stop –ing*).
- Expresión da modalidade: factualidade (*declarative sentences*); capacidade (*can; be able*); posibilidade/probabilidade (*may; might; perhaps*); necesidade (*must; need; have (got) to*); obriga (*have (got) to; must; imperative*); permiso (*could; allow*); intención (*present continuous*).
- Expresión da existencia (*e. g. there will be/has been*); a entidade (*count/uncount/collective/compound nouns; pronouns (relative, reflexive/emphatic); determiners*); a calidade (*e. g. good at maths; rather tired*).
- Expresión da cantidade (*singular/plural; cardinal and ordinal numerals. Quantity: e. g. all (the), most, both, none. Degree: e. g. really; quite; so; a little*).
- Expresión do espazo (*prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement*).
- Expresión do tempo (*points (e. g. five to (ten)); divisions (e. g. century; season), and indications (ago; early; late) of estafe; duration (from...to; during; until; since); anteriority (already; (not) yet); posteriority (afterwards; later); sequence (first, next, last); simultaneousness (while, as); frequency (e. g. often, usually*).
- Expresión do modo (*Adv. and phrases of manner, e. g. easily; by post*).

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

Os contidos sintáctico-discursivos non traballados no anterior curso académico integraránse no curso actual seguindo a temporalización marcada dado que a materia volve sobre o aprendido en outros cursos.

O léxico específico non estudado será obxecto de estudo no primeiro trimestre coincidindo coa Starter Unit, que serve de repaso do curso anterior.

4º ESO

Bloque 1. Comprensión de textos orais					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Instrumentos de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	B1.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. – Identificación do tipo de escoita necesario para realizar a tarefa (global, selectiva e detallada). – Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. – Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto. ▪ B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.1. Reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada), mellorándoo se é o caso (sacando conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido, baseándose na entoación e na velocidade da fala), deducindo intencións a partir do volume da voz do falante, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e intuindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as propias experiencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC 	Probas específicas de Listening Comprehension, tanto grabacións como reais. Exercicios de elección múltiple, de encher ocos; preguntas con respostas abertas ou guiadas,...

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

<p>comentando de maneira persoal e detallada as noticias e os puntos de vista das persoas ás que se dirixe.</p> <ul style="list-style-type: none">▪ PLEB4.8. Escribe, en calquera soporte, cartas formais de carácter educativo ou profesional dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas, nas que dá e solicita información, describe a súa traxectoria educativa ou profesional e as súas competencias, e explica e xustifica co suficiente detalle os motivos das súas accións e dos seus plans (por exemplo, carta de motivación para matricularse nunha universidade estranxeira, ou para solicitar un posto de traballo), respectando as convencións formais e de cortesía propias deste tipo de textos.▪ <i>PLEB5.2. Relaciónase oralmente e por escrito comunicando con eficacia información, noticias, ideas e puntos de vista sobre temas tanto abstractos como concretos; ou solicitando ou transmitindo información relacionada con servizos ou outros ámbitos das relacións sociais, adaptando a súa expresión e os medios de expresalo á situación de comunicación.</i>▪ <i>PLEB5.6. Exprésase oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo, e recoñece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual.</i>▪ <i>PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se</i>				
--	--	--	--	--

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

<i>utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</i>				
Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural				
Estándares de aprendizaxe	Mínimo esixible / Básico	Peso na cualificación	Temporalización	Instrumentos de avaliación Rexistro
<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.1. Comprende e faise comprender con certa confianza e fluidez en situacións de comunicación informais e formais habituais, con matices como a ironía e o humor, sempre que as persoas interlocutoras pronuncien con claridade e eviten un uso moi idiomático. ▪ PLEB5.2. Relaciónase oralmente e por escrito comunicando con eficacia información, noticias, ideas e puntos de vista sobre temas tanto abstractos como concretos; ou solicitando ou transmitindo información relacionada con servizos ou outros ámbitos das relacións sociais, adaptando a súa expresión e os medios de expresalo á situación de comunicación. ▪ PLEB5.3. Intervén oralmente con distintos propósitos comunicativos, con eficacia intercultural. ▪ PLEB 5.4. Entende os detalles do que se lle di en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, 	<p>PLEBS 5.1. 5.3. 5.6.</p>	<p>Para os estándares non especificados (5.6), ver os Bloques cos que están relacionados.</p> <p>Estandar relacionado co PLB5.1. Pronunciation: 10% da nota da avaliación da Competencia Lingüística.</p>	<p>De xeito continuado durante todo o curso, xa que no proceso de ensino/aprendizaxe dunha lingua non se poden desvincular e temporalizar ailladamente o traballo dos distintos bloques.</p>	<p>Probas específicas de Use of English, Writing, Listening, Reading e Speaking sobre material real, traballos de aula, exercicios de complexión abertos ou de encher ocos. Exercicios de elección múltiple...</p> <p>Proba. Observación. Rexistro. Portfolio. Rúbrica.</p> <p>Ver nota ao remate deste punto 3.</p>

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

<p>axencias de viaxes, centros de saúde, traballo ou estudos (por exemplo, para recibir asistencia sanitaria como turista ou como residente, cambiar unha reserva de hotel, anular billetes ou cambiar un artigo defectuoso), sempre que poida pedir confirmación.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.5. Desenvólvese con seguridade en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, solicitando información detallada, ofrecendo explicacións claras e detalladas, e desenvolvendo a súa argumentación de xeito satisfactorio na resolución dos problemas que xurdan. ▪ PLEB5.6. Exprésase oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo, e recoñece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual. ▪ PLEB5.7. Comprende textos extensos en lingua estándar transmitidos por canles, entendendo (aínda que non os comparta) os matices de sentido e de opinión ante puntos de vista e posturas concretas e actitudes que responden a crenzas, costumes e valores propios da cultura da lingua meta. ▪ PLEB5.8. Explica valores e comportamentos propios dunha cultura a membros doutra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural. 		<p style="text-align: center;">PLB5.6. Use of English and vocabulary: 25% da nota da avaliación de Competencia Lingüística.</p>		
---	--	---	--	--

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

<ul style="list-style-type: none">▪ PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.				
---	--	--	--	--

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

Nota:

Entendemos que, tal e como se reflexa na *Introducción do Currículo de Primeira Lingua Estranxeira*, o Bloque 5 está interrelacionado cos outros catro, xa que os contidos deste bloque (fonéticos, ortográficos, culturais, vocabulario e uso da lingua) son os que permiten as actividades lingüísticas de comprensión, produción e interacción básicas para acadar unha competencia comunicativa efectiva.

4. Concrecion.

4. a. Temporalización

Para facilitar o traballo e a adquisición dos estándares de aprendizaxe especificados nos cinco bloques de coñecemento (destrezas lingüísticas do MCERL) máis os contidos sintácticos discursivos de cada nivel de ESO e de Bacharelato, utilizaremos un libro de texto de referencia adaptado a cada nivel como fío conductor. Hai que ter en conta que na nosa materia os cinco bloques e os contidos sintáctico-discursivo están totalmente entrelazados e no caso dos primeiros non se pode desglosar obxetivamente o momento en que se van a traballar na aula ao non poder facerse dun xeito aillado o traballo dos bloques, e ser repetitivo o traballo cos estándares.

Os contidos sintáctico-discursivos temporalizaranse según a súa aparición nos libros de texto de referencia, ou ben introducíranse no momento que xurdan na aula nun contexto de uso da lingua natural (uso e búsqueda en webs ou materiais reais, textos, cancións, etc).

Os contidos sintáctico-discursivos e o léxico non traballados o curso anterior serán obxecto de estudo este curso segundo o especificado no punto 3.a. para cada un dos niveis.

No caso dos niveis da ESO, o material está estruturado en nove unidades máis unha unidade introdutora .

Para mellorar a integración de todos os elementos do currículo, impartíranse en todos os niveis, grosso modo, tres unidades por avaliación, incluíndo a unidade da ESO *Starter* na primeira, na cal aproveitaremos para traballar elementos non estudados o curso pasado .

En 2º de Bacharelato os estándares de aprendizaxe e os contidos sintáctico discursivos están organizados en 6 unidades máis unha *starter unit*. Grosso modo impartíranse 2/3 unidades na primeira avaliación, 2 na segunda e 2/1 na terceira ao tempo que se realizan as prácticas necesarias cara a realización das probas da ABAU.

4. b. Grao mínimo de consecución para superar a materia

Tal como se aclara máis adiante, na convocatoria ordinaria, ao incluír en cada proba (agás a extraordinaria) a avaliación de todas as destrezas lingüísticas, para conseguir unha avaliación positiva, o alumno ten que acadar un 'cinco' (5) de nota **conxunta** das distintas probas obxectivas que avalían a Competencia Lingüística.

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

4. c. Procedementos e instrumentos de avaliación

ESO

Convocatoria ordinaria

A cualificación final de cada avaliación será a suma das notas acadadas nos procesos de avaliación das distintas competencias as que se fai referencia no punto 2 desta programación, centrándonos na Competencia Lingüística.

A cuantificación será a que sigue:

Competencias a avaliar	Porcentaxe	Mínimo	Instrumentos
Competencia Lingüística	70%	35%	Probas obxectivas de desempeño: escritas, audicións, orais Rúbricas
Competencia Social e Cívica	10%		Observación Rexistro Rúbricas
C. en Conciencia e Expresións Culturais	5%		Observación Rexistro Rúbricas Probas obxectivas de desempeño
Competencia Dixital	2%		Observación Rexistro Portfolio Tarefas Rúbricas Probas obxectivas de desempeño
Competencia para Aprender a Aprender	9%		Observación Rexistro Portfolio Rúbricas
C. de Sentido da Iniciativa e E.E.	4%		Observación Rexistro Portfolio Rúbricas

As probas obxectivas realizaranse utilizando os instrumentos de avaliación especificados no punto 3a. O exame de avaliación será o que teña a carga total da nota na avaliación da competencia lingüística, agás outras tarefas recollidas ó longo do trimestre e indicadas a tal fin pola docente.

A nota das probas obxectivas, que avalían a competencia lingüística obxectivamente, será por tanto en base a 100, agás no caso de incluír outras tarefas. Neste suposto, a suma das probas obxectivas e as tarefas será en base a 100. Ao incluír na nota da avaliación ordinaria a avaliación das outras competencias, pasará a ser o 70% da nota final.

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

Cuantificación da nota das probas obxectivas de desempeño / exame:

Bloque ao que fai referencia	Sección da proba	Porcentaxe de cuantificación/ponderación
B5	Vocabulary	10%
B5 + Contidos Sintáctico-discursivos	Use of English / Grammar	50%
B1 + B2+B5	Communication / Speaking	10%
B3+ B5	Reading	10%
B4 + B5	Writing	10%
B1 + B5	Listening	10%

No *Speaking* valorarase a fluidez, a corrección gramatical, coherencia discursiva, pronunciación (20%, 30%, 30% 20%)

A proba de *Communication* escrita eliminarase na terceira avaliación para facer a proba de *Speaking*, xa que, basicamente, tratase de reproducir un diálogo lóxico sobre un dos temas do currículo.

Competencias	Items a valorar	Cuantificación items	Peso total da competencia
Sociáis e Cívica	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Favorece o ambiente de traballo respectando ós compañeiros e a docente. 	10%	10%
Conciencia e Expresións Culturais	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Valora o uso do inglés mostrando respecto e interese por outras culturas. 	5%	5%
Dixital	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Obtén información en Internet para a resolución de tarefas. ▪ Realiza presentación e proxectos en inglés utilizando diferentes soportes e ferramentas dixitais. 	1% 1%	2%
Aprender a Aprender	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Trae o material. ▪ Planifica, organiza e revisa as súas tarefas. ▪ Entrega proxectos e actividades en prazo. 	1% 4% 4%	9%
Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Participa con interese. ▪ Realiza as súas tarefas con presteza e de forma autónoma. 	2% 2%	4%

Na terceira e última avaliación, a **Competencia en Conciencia e Expresións Culturais** avaliarase obxectivamente mediante o exame dun libro de lectura adaptado ao nivel. A lectura será eleixida dentro da ampla gama da literatura en lingua inglesa, e, preferentemente, será un clásico que permita ampliar ao alumnado os seus coñecementos culturais sobre o mundo anglo-saxón (estándares do Bloque 5).

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

O alumnado deberá asistir as probas de avaliación na data e hora señaladas. No caso de non asistencia terá que presentar, un documento de xustificación oficial (asistencia ao médico ou ante as autoridades pertinentes).

No caso de impuntualidade do alumnado para a realización das probas, permitiráselle entrar durante a primeira media hora dende o comezo da proba. Unha vez transcurrido ese tempo xa non se lle permitirá a entrada. Igualmente ningún/a alumno/a poderá abandonar a aula durante esa media hora.

No caso de comprobar falta de ética do alumnado na realización das probas ó copiar especialmente dun dispositivo dixital ou por outro medio, retiraráse o exame e se cualificará a proba cun 0.

A cualificación final da materia en xuño terá en conta as notas obtidas polo alumnos ó longo das tres avaliacións do curso. Ésta obterase como unha media ponderada na que a 1ª avaliación suporá o 10% da nota final, a 2ª avaliación o 20% e a 3ª terá un peso do 70%, dado que se trata dunha avaliación continua. Esta media ponderada farase sobre a nota real obtida polo alumno en cada avaliación; é dicir a nota exacta con decimais. Considerarase que o alumno ten superada a materia cando a suma das tres avaliacións sexa igual ou superior a 5. A nota definitiva da materia farase efectiva na avaliación final.

Entre a 3ª avaliación e a avaliación final ordinaria, o alumnado coa materia aprobada pola suma das avaliacións asistirá a clase para realizar **tarefas de repaso e ampliación** propostas polo profesorado de cada curso. Estas tarefas poderán axudar a **incrementar** a nota obtida na materia ata un máximo de **0'7 puntos** sempre e cando sexan realizadas satisfactoriamente e o alumno/a non altere o clima da clase, perxudicando ó alumnado avaliado negativamente e que precisa atención máis personalizada. Neste caso, non habería incremento algún. En casos **excepcionais** de conducta excesivamente disruptiva, a nota podería ser **minorada ata un 0'5**. Ditas tarefas serán avaliadas mediante unha rúbrica que mida a implicación e o traballo do alumnado e o resultado final obtido.

O alumnado que non acade o 5 segundo o proceso descrito, recibirá un **informe individualizado** que servirá de base para as **actividades de reforzo** propostas polo profesorado de cada curso. Ditas actividades serán realizadas polo alumnado no período que abrangue dende a 3ª avaliación ata a avaliación final e valorarán as distintas destrezas da competencia lingüística exclusivamente, en función do informe individualizado onde se especificarán os contidos e as destrezas a recuperar. Nos días previos a esa avaliación final, realizarán unha **proba** e entregarán **actividades de reforzo** para realizar na casa. A proba terá un peso do **90%** e a entrega das tarefas un **10%**. **Considerarase que o alumno supera a materia cando obteña o 50% entre a proba e as tarefas.**

No caso do alumnado que non acade unha avaliación positiva, e polo tanto non supere a materia, pero promocióne de curso, deberá seguir un **plan de reforzo** destinado á súa recuperación e superación no seguinte ano académico.

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

Alumnado coa materia pendente

No caso do alumnado que non superase a materia a través de ningún do procedemento descrito na programación, acadaría a avaliación positiva de aprobar a avaliación final ordinaria. En caso contrario, constaría como materia pendente para o seguinte curso.

2º de Bacharelato

Convocatoria ordinaria.

Avaliación da Competencia Lingüística

Os alumnos con avaliación continua terán tres exames de avaliación coincidindo coas datas da 1ª, 2ª e 3ª avaliacións. Os exames pareceranse aos propostos pola Comisión de Inglés para a ABAU do presente curso. Por cuestións de organización do tempo os exames da 1ª, 2ª avaliación de 2º de Bacharelato poderán dividirse en dúas partes diferenciadas: *reading*, *pronunciation* e *writing* nunha sesión (2 + 1 + 2,5 puntos respectivamente; os de *reading* desglosados en *true or false*, 1 punto; *synonyms*, 1 punto), e *use of English* (*transformations*, 3 puntos) e *listening* (1,5 puntos) noutra sesión. Na 3ª avaliación incorporárase a avaliación formal oral (*speaking*, 1 punto) que nas anteriores avaliacións será controlada mediante os rexistros de aula. Valoráranse a corrección na expresión gramatical /use of English (30%), coherencia discursiva (30%), fluidez (30%) pronunciación (10%) do alumnado. Ao incluír a avaliación do Bloque 2, axustárase a cuantificación das transformacións que pasarán a ter un valor de 2 na proba final.

Os exames serán, por exemplo, de completar oracións (p.ej., *Use of English*), redactar textos máis ou menos complexos (*Writing, Reading e Listening*), de resposta múltiple (*Listening e Reading*), exposicións orais e diálogos en role-play (*Speaking*), incluíndo os instrumentos de avaliación especificados no punto 3.

A proba de *pronunciation* será flexible, tal como indican as pautas da Circular da Comisión ABAU.

En 2º Bacharelato a proba de *Speaking* pode ter distintas modalidades: descrición dunha foto, ou unha entrevista de traballo ou para acceder a unha universidade. A proba realizarase ao longo do mes de maio ou finais de abril, en función da data de remate do curso, en aula pequena ou no departamento.

Estrutura das probas formais na 1ª e 2ª avaliacións:

Sección da proba	Nota/ Porcentaxe	Nº preguntas	Bloque co que se relaciona
<i>True or False</i>	1 punto / 10%	4 x 0,25	B3
<i>Synonyms</i>	1 punto / 10%	4 x 0,25	B5
<i>Pronunciation</i>	1 punto / 10%	4 x 0,25	B5
<i>Transformations</i>	3 puntos / 30%	12 x 0,25	B5
<i>Essay</i>	2,5 puntos / 25%		B4
<i>Listening</i>	1,5 puntos / 15%	5 x 0,1+5 x 0,2	B1

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

Os exames finais polo tanto terán unha estrutura máis aproximada á do exame da ABAU:

Sección da proba	Nota/ Porcentaxe	Nº preguntas	Bloque co que se relaciona
<i>True or False</i>	1 punto / 10%	4 x 0,25	B3
<i>Synonyms</i>	1 punto / 10%	4 x 0,25	B5
<i>Pronunciation</i>	1 punto / 10%	4 x 0,25	B5
<i>Transformations</i>	2 puntos / 20%	5 x 0,4	B5
<i>Essay</i>	2,5 puntos / 25%		B4
<i>Listening</i>	1,5 puntos / 15%	5 x 0,1+5 x 0,2	B1
<i>Speaking</i>	1 punto / 10%		B2

O exame final de 2º de Bacharelato tradicionalmente é igual para todo o alumando polo que se realizará simultaneamente en aulas excepcionalmente pola tarde no mes de maio..

A nota de cada avaliación será a suma de todas as partes (*reading, writing, pronunciation, transformations, listening, speaking*), tendo en conta que **deixar un dos bloques en branco, ou non presentarse sen xustificación a unha proba, supón unha avaliación negativa.**

Avaliación total

En 2º de Bacharelato, a avaliación será por competencias. Deste xeito as probas de desempeño (exame) que avalían a Competencia Lingüística de cada avaliación terá un peso de 80% da nota total.

Ainda que a suma total da nota das probas terá un valor total de 10 puntos, obterase o 80% da nota que acade o alumno, e de acadar o mínimo esixido do 40%, sumarase ás notas acadadas nas competencias avaliadas.

A cuantificación será a que sigue:

Competencias a avaliar	Porcentaxe	Mínimo	Instrumentos
Competencia Lingüística	80%	40%	Probas obxectivas de desempeño: escritas, audicións, orais Rúbricas
Competencia Social e Cívica	5%		Observación Rexistro Rúbricas
C. en Conciencia e Expresións Culturais	5%		Observación Rexistro Rúbricas Probas obxectivas de desempeño
Competencia para Aprender a Aprender	5%		Observación Rexistro Portfolio Rúbricas
C. de Sentido da Iniciativa e E.E.	5%		Observación Rexistro Portfolio Rúbricas

Aspectos a considerar na avaliación das competencias clave:

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

Competencias	Items a valorar	Cuantificación items	Peso total da competencia
Sociáis e Cívica	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Favorece o ambiente de traballo respectando ós compañeiros e a docente e cumpre as normas de convivencia. ▪ Intégrase no grupo e/ou centro. 	2,5%	5%
		2,5%	
Conciencia e Expresións Culturais	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Valora o uso do inglés mostrando respecto e interese por outras culturas. 	5%	5%
Aprender a Aprender	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Trae o material. 	1%	5%
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Entrega proxectos e actividades en prazo. 	4%	
Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Participa con interese. 	2,5%	5%
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Realiza as súas tarefas con presteza e de forma autónoma. 	2,5%	

Como se avalian as competencias non lingüísticas:

Sociáis e Cívica:

- O alumno que non teña ningunha anotación por comportamento inadecuado acadará a puntuación máxima. Cada rexistro negativo restará 0,05 ao total de 0,25.
- O alumnado que teña ata tres faltas sen xustificar por trimestre acadará a puntuación máxima, o que rexistre máis de tres faltas sen xustificar por trimestre restará 0,05 por cada falta.

Conciencia e Expresións Culturais:

- Na 1ª e 2ª avaliación o alumnado realizará un traballo específico sobre un tema cultural e/ou de actualidade relacionado co entorno da lingua inglesa, xa sexa sobre festividades, acontecementos culturais, política, etc. O traballo poderá solicitarse en soporte escrito, electrónico ou mediante unha exposición oral.
- Na 3ª avaliación (final) a nota a sumar será a acadada na proba de comprobación de lectura obrigatoria dun libro relacionado co mundo anglo parlante (Bloque 5).

Aprender a Aprender:

- O alumnado sen rexistro negativo de material (libros de texto, material de traballo entregado polas docentes, etc.) acadará a puntuación máxima de 0,1.
- O alumnado que teña entregado todas as tarefas en prazo (redaccións e presentacións orais extras) acadará a puntuación máxima de 0,4. No caso dalgunha tarefa non entregada, para calcular o valor de cada unha das aportadas, dividirase 0,4 entre o número de tarefas solicitadas para facer o cómputo positivo.

Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor:

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

- O alumnado que participe dun xeito activo en inglés acadará a puntuación máxima de 0,25.
- O que traballe dun xeito habitual e participe nas tarefas orais acadará un máximo de 0,25.

O alumnado deberá asistir as probas de avaliación na data e hora sinaladas. No caso de non asistencia terá que presentar, un documento de xustificación oficial (asistencia ao médico ou ante as autoridades pertinentes).

No caso de impuntualidade do alumnado para a realización das probas, permitiráselle entrar durante a primeira media hora dende o comezo da proba. Unha vez transcurrido ese tempo xa non se lle permitirá a entrada. Igualmente ningún/a alumno/a poderá abandonar a aula durante esa media hora.

No caso de comprobar falta de ética do alumnado na realización das probas ó copiar especialmente dun dispositivo dixital ou por outro medio, retiraráselle o exame e cualificarase a proba cun 0.

A cualificación final da materia en xuño terá en conta as notas obtidas polo alumnos ó longo das tres avaliacións do curso. Ésta obterase como unha media ponderada na que a 1ª avaliación suporá o 10% da nota final, a 2ª avaliación o 20% e a 3ª terá un peso do 70%, dado que se trata dunha avaliación continua. Esta media ponderada farase sobre a nota real obtida polo alumno en cada avaliación; é dicir a nota exacta com decimais. Considerarase que o alumno ten superada a matéria cando a suma das tres avaliacións sexa igual ou superior a 5.

Os exames realizados serán mostrados ó alumnado e custodiados no centro.

Convocatoria extraordinaria e de pendentes

Na convocatoria extraordinaria e de pendentes extraordinaria haberá soamente unha proba sobre estándares dos distintos bloques de coñecemento agás os relacionados co Bloque 2 (expresión oral) debido a escasez de tempo. Co cal só poderá avaliarse a Competencia Lingüística Bloques 1, 3, 4, 5), que será avaliada en base a 10.

A estrutura e a cuantificación serán como as da 1ª e 2ª avaliacións.

5. Concrecións metodolóxicas que require a materia

A metodoloxía usada no IES de Rodeira no Departamento de Inglés axústase ó modelo comunicativo xa que é este método o que mellor axuda a reproducir na clase as situacións de uso en contextos auténticos. É activa e participativa, favorecendo o traballo individual e cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e as competencias clave correspondentes.

O enfoque está baseado na acción, na actividade social, no uso da lingua, tal como se establece no enfoque metodolóxico adoptado polo MCERL. Polo tanto a selección de contidos lingüísticos deriva directamente da actividade de uso da lingua que se vaia realizar.

Os contidos introducen en función das necesidades do proceso da aprendizaxe da lingua como instrumento de comunicación. A progresión gramatical é gradual e a súa presentación faise no marco das tarefas e integrada coas necesidades lingüísticas para levala cabo.

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

Traballaranse as cinco destrezas / bloque de contidos (lectura e comprensión oral, escritura, expresión e interacción oral, coñecementos sociolingüísticos) das que fala o MCERL a través do material escolar e de todos os recursos a disposición das docentes prestando atención ós materiais reais ('realia'), tanto en soporte escrito, gráfico, dixital, etc.

Os traballos, tanto as tarefas como os proxectos plantexados, realizaranse dun xeito individual, por parellas ('pairwork') e grupos de traballo colaborativo.

6. Materiais e recursos didácticos

- Os recursos materiais e espaciais disponibles no centro: aulas e pizarras tradicionais, pizarras dixitais, ordeadores ultraportátiles e CPUs, etc.
- Libros de texto, ver máis abaixo.
- CDs de audicións.
- Páxina web específica das editoriais con material de traballo de reforzo para o alumnado.
- Libro e recursos web do profesor con material adicional.
- Aula virtual do centro.
- Libros de exercicios, gramáticas, etc.
- Páxinas web para traballar na aula ou dun xeito autónomo, por exemplo:
 - <http://www.bbc.co.uk/worldservice/learningenglish>
 - <http://www.teachingenglish.org.uk/>
 - <http://www.youtube.com/user/bbclearningenglish>
 - <http://learnenglish.britishcouncil.org/en/>
 - <http://www.guardian.co.uk/>

2º ESO	<p>Teamwork 2 – Burlington Editores <i>Guía do Profesor, Libro do Alumno, Workbook, Audio CDs, Teacher's Resource Pack, DVD, website.</i></p> <p>Materiais extras: libros de lectura e <i>realia</i>. Uso de Pc dos alumnos ou os da biblioteca.</p>
4º ESO	<p>Teamwork 4 - Burlington Editores <i>Guía do Profesor, Libro do Alumno, Workbook, Audio CDs, Teacher's Resource Pack, DVD, website.</i></p> <p>Materiais extras: libros de lectura e <i>realia</i>. Uso de Pc dos alumnos ou os da biblioteca.</p>
2º Bacharelato	<p>Living English 2 - Burlington Books <i>Guía do Profesor, Libro do Alumno, Audio CDs, Teacher's Resource Pack, DVD, website.</i></p> <p>Materiais extras: libros de lectura e <i>realia</i>. Uso de Pc dos alumnos ou os da biblioteca.</p>

7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Os criterios sobre a avaliación e a cualificación son os detallados no punto 4c.

Xa que na elaboración de cada unha das probas da avaliación procurárase utilizar polo menos un estándar de aprendizaxe por cada un dos bloques de contido, ou agrupacións dos mesmos, o alumnado promocionará cando acade a nota numérica de '5' (cinco) unha vez sumadas todas as partes.

8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

Avaliaremos a práctica docente utilizando unha rúbrica que, adaptada a cada nivel, nos dea a información necesaria para axustar a nosa práctica que inclúa datos sobre os seguintes aspectos:

- Lévese a cabo a avaliación inicial ao principio de curso
- Proponse un plan de traballo para cada unidade
- Establécense canles de comunicación e instrumentos de seguimento ao longo do curso
- Mantense o interese do alumnado
- Establécense relación entre os contidos e actividades cos coñecementos previos
- Establécense actividades de ampliación e/ou reforzo
- Facílitate información dos progresos e das dificultades atopadas
- Proporcionáse ó alumnado as rúbricas de avaliación para que saiban como e de que se lles vai avaliar
- Realízase rexistro de observación sistemática
- Análizanse traballos realizados de xeito individual ou en grupo
- Fanse probas orais
- Fanse probas escritas

9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Plans de traballo para a superación das materias pendentes (ESO).

Elementos esixibles. Para que o alumnado de ESO co Inglés pendente aprobe terá que superar os estándares básicos establecidos nos Bloques.

Programa de reforzo/ Plan de traballo. Daráselles material de reforzo para recuperar, un cuadernillo para traballar independentemente, centrado nas partes de *Vocabulary, Use of English, Communication, Reading e Writing*. Os contidos sobre os que versarán serán os traballados durante o curso anterior. O alumnado será supervisado dun xeito continuado polo profesorado correspondente. Ao mesmo tempo, o profesorado controlará a mellora das outras habilidades (*Listening, Writing, Reading,...*) durante o curso de referencia, mediante o uso dos instrumentos de avaliación utilizados para o resto do alumnado (probas escritas, taboas de observación, etc.)

Actividades de avaliación. Coincidindo con cada avaliación, deberán entregar unha parte do caderno de reforzo, que suporá un 30% da nota da avaliación e realizarán unha proba

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

específica que versará sobre os contidos traballados en cada prazo. Dita proba suporá o 70% na cal o alumnado deberá obter un 25% para sumarlle o 30% do caderniño. Asímesmo, a entrega do caderniño é obrigatória para conseguir a avaliación positiva.

As avaliacións terán un valor ponderado: 20% a primeira, 30% a segunda e 50% a terceira. Considerarase que a alumno supera a materia pendente de acadar o 50% coa suma das tres avaliacións. É obrigatoria a asistencia ás clases da asignatura que ten pendente, neste caso Inglés, do curso no que estea matriculado.

Dado que os contidos, obxectivos e estándares de aprendizaxe dun curso inferior coinciden coas dúas primeiras avaliacións do curso seguinte, o alumnado que supere a segunda avaliación do curso no que está matriculado aprobará a materia pendente do curso anterior, sempre e cando entregue o caderniño (incluído o da 3ª avaliación) e aprobe os exames da materia pendente na 1ª e na 2ª avaliacións, co cal obtería un '5'. Contemplanse a posibilidade de que poida realizar a última proba para subir nota e nunca minorala en caso de resultado negativo.

Criterios para superar as materias pendentes pola avaliación continua. Por decisión unánime do Departamento, reflexada en acta do mesmo e da CCP, entendemos que a materia é progresiva. Polo tanto, de darse o caso dalgún alumno que non supere a pendente polo proceso descrito pero acade o aprobado na materia do curso no que estea matriculado (a excepción do alumnado non presentado ás convocatorias específicas para pendentes*), darase por recuperada a asignatura, agás no caso do alumnado de cuarto de ESO que poda titular cunha ou dúas materias suspensas.

* Entendemos que o alumnado que non entrega o caderno nin se presenta as probas sen causa xustificada obxetivamente abandoa a materia.

Actividades de seguimento das materias pendentes (BACH)

Temos que ter en conta que a nosa materia é progresiva, polo tanto, a materia a recuperar de 1º de bacharelato é tratada de novo e ampliada en 2º, co cal as actividades de reforzo do alumnado son continuas.

As actividades propostas para o alumnado con necesidade de recuperar e reforzar a materia son, ademais dos exercicios específicos de reforzo en cada unidade (ver máis abaixo), unha batería de exercicios prácticos ó inicio de curso. Os contidos a recuperar serán os traballados durante o curso anterior.

Por suposto todo o alumnado conta tamén co apoio e a atención personalizada do profesorado correspondente se así o solicitan (recreos, ratos libres ou telemáticamente).

No material destinado ao profesor, a *Guía Didáctica*, propóñense actividades de reforzo e consolidación para os alumnos así como notas para o profesor, consellos didácticos, para afrontar diferentes expectativas do alumnado.

No *Teacher's Resource Book*, o profesor dispón de páxinas fotocopiáveis de consolidación e de ampliación por unidade.

Avaliación da materia pendente: O seguimento da materia pendente farase por avaliacións. O alumnado será avaliado cunha proba. A primeira convocatoria será no mes de novembro. De non ter recuperada a materia, a segunda convocatoria será no mes de febreiro e a última no mes de abril. A proba seguirá o formato dunha proba de 1º bacharelato. Finalmente, hai outra convocatoria extraordinaria no mes de xuño.

Actividades de recuperación. Reforzos para lograr a recuperación en Bacharelato

Temos que ter en conta que a nosa materia é progresiva, polo tanto, a materia a recuperar de 1º de bacharelato é tratada de novo e ampliada en 2º, co que as actividades de reforzo do alumnado son continuas.

As actividades propostas para o alumnado con necesidade de recuperar e reforzar a materia son, ademais dos exercicios específicos de reforzo en cada unidade (ver Atención á Diversidade), unha batería de exercicios prácticos ó inicio de curso.

En calquer caso, de detectarse alumnado con especiais dificultades no proceso de aprendizaxe, aínda non tendo a materia pendente, o departamento, asesorado pola docente de dito alumnado, proporcionará material específico máis básico para traballar fóra da aula, dun xeito que permita ao alumno reforzar/recuperar coñecementos básicos para a súa correcta evolución. Esta medida só será aplicable a alumnos que teñan demostrado certas carencias de coñecementos, e unha actitude positiva cara ao aprendizaxe da materia.

Amplíase a oferta co material de traballo e reforzo específico a dispor do alumnado na web da editorial Burlington, gratuita para o alumnado, con acceso por clave persoal dende calquer dispositivo móbil.

Por suposto todo o alumnado conta tamén co apoio e a atención personalizada do profesorado se así o solicitan (recreos ou ratos libres).

10. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados. Plan de Reforzo.

A avaliación inicial realizarase nas primeiras semanas do curso en todos os niveis para identificar os coñecementos do alumnado, detectar as posibles carencias ou os puntos fortes do noso alumnado e levar a cabo un plan de reforzo.

Realizaranse unhas probas escritas de *Reading* (comprensión lectora), e *Writing* (expresión escrita), seguindo os modelos marcados polo MCERL. Realizaranse tamén avaliacións das habilidades orais (comprensión e expresión) a través das interaccións na aula, avaliaranse mediante rúbricas ou observación directa.

O plan de reforzo a nivel colectivo na materia de Inglés non entraña complexidade posto que os contidos sintáctico-discursivos sempre volven ser estudados no nivel inmediatamente superior, co cal aqueles aprendizaxes que non foron suficientemente adquiridos serán traballados no curso actual seguindo a temporalización marcada para cada contido.

No caso de que algúns destes contidos non sexa obxecto de aprendizaxe este curso, será tratado nos primeiros días do curso, aproveitando a Starter Unit, que actúa como fío condutor dos contidos do nivel anterior.

En calquera caso, de detectarse alumnado con especiais dificultades no proceso de aprendizaxe, o departamento, asesorado pola docente de dito alumnado, proporcionará material específico máis básico (vocabulario, use of English) para traballar fóra da aula, dun xeito que permita ao alumno reforzar/recuperar coñecementos básicos para a súa correcta evolución. Esta medida só será aplicable a alumnos que teñan demostrado certas carencias de coñecementos, e unha actitude positiva cara ao aprendizaxe da materia.

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

No caso do alumnado con carencias máis básicas, seguiranse as pautas dadas polo Departamento de Orientación e realizaranse as ACIs axeitadas ao nivel do alumnado individualmente.

11. Medidas de atención á diversidade

As actividades de reforzo e ampliación plantexadas no material de traballo permiten darlles unha atención individualizada aos alumnos, segundo as súas necesidades e o seu ritmo de aprendizaxe. No proxecto *Teamwork* (ESO) e *Living English* (Bacharelato) inclúense ideas en todas as leccións para que o profesor dea resposta ás diversas situacións que se suscitan na aula.

No material destinado ao profesor, as *Guías Didácticas*, propóñense actividades de reforzo e consolidación para os alumnos así como notas para o profesor, consellos didácticos, para afrontar diferentes expectativas do alumnado.

Nos *Teacher's Resource Packs* o profesor dispón de páxinas fotocopiáveis de consolidación e de ampliación por unidade.

A editorial dispón de material de traballo na web a disposición do alumnado que quera reforzo.

Ademáis, en función das necesidades do alumnado, o departamento previa consulta e en colaboración co titor e o departamento de orientación, está preparado para facer as adaptacións organizativas e curriculares que mellor se adapte ó alumnado (adaptación metodolóxicas, de tempos, de instrumentos de avaliación, reforzos educativos, apoios, ...)

11.a Seccións Bilingües

Este ano a sección bilingüe que afecta ó nivel de 1º de bacharelato na materia Tecnoloxía da Información e Comunicación será suspendida por ausencia de profesorado interesado en impartir a materia.

Pola contra, haberá unha nova Sección Bilingüe de Matemáticas en 4º ESO para alumnado de Matemáticas Académicas. Asímesmo, a nova coordinadora de dita Sección será dona Sonia Galerón Gómez.

12. Concreción dos elementos transversais

Os libros de texto eleixidos como fio conductor dos diferentes cursos, inclúen dende a primeira unidade tarefas que, traballando os distintos bloques de coñecementos a todos os niveis, integran os elementos transversais especificados no Decreto 86/2015 e temas relacionados cos obxectivos do S. XXI.

O plantexamento da propia materia, Lingua Extranxeira, implica o ensino, a través da reflexión sobre as diversas culturas, costumes e variantes da lingua, da riqueza das diversidades do mundo no que vivimos, e, polo tanto o respecto á diferenza.

O desenvolvemento do currículo incide no respecto polo entorno físico e social, mediante a aprendizaxe de modos de vida diferentes do amplo espectro do mundo angloparlante (reflexado nos textos de traballo e nas audicións), reflexión sobre diferenzas/semellanzas (nas sesións de conversa), uso de fórmulas de respecto (fórmulas gramaticais, vocabulario,...). Trátanse temas específicos adaptados a idades e coñecementos do alumnado.

Artigo 4 da Resolución do 27 de xullo de 2015 (DOG 29 de xullo):

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

Apartado 1:

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita forman parte intrínseca da materia, tal como se describen nos diferentes bloques de coñecemento. A comunicación audiovisual e as TICs trabállanse a partir das tarefas demandadas nos distintos niveis (presentacións de temas, búsqueda de información, presentación de proxectos). A educación cívica trátase en unidades didácticas concretas en cada nivel e dun xeito xenérico na aula.

Apartado 2:

A promoción de valores, da prevención e resolución pacífica de conflitos, e da violencia en xeral, trábllase tamén dun xeito constante na aula, partindo das intervencións respetuosas, dos debates de clase (Speaking), dos materiais do libro de texto, e aproveitando as oportunidades que as vivencias cotiás do alumnado e os sucesos do mundo ofrecen.

Apartado 3:

O traballo en equipo, a autonomía, a creatividade, trabállanse na realización das distintas tarefas e proxectos plantexados.

Apartado 4:

O debate na aula, o traballo sobre certos items de coñecemento (verbos modais, traballo cos imperativos, etc), permítenos traballar a educación viaria.

Os procedementos para avaliar a adquisición destes contidos transversais serán por una banda a observación na aula (avaliación non formal), e por outra banda mediante un sistema de rúbricas que permitan a avaliación e a coavaliación.

13. Actividades complementarias e extraescolares

Durante este curso académico contéplanse saídas pola contorna do centro e outras actividades que axuden a motivar ó alumnado cara a adquisición da lingua estranxeira como por exemplo a xestión de probas de nivel lingüístico para que o alumnado acredite a súa competencia en lingua estranxeira nos niveis B1, B2, C1 segundo corresponda e de balde.

14. Mecanismo de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica

As reunións de departamento servirán para avaliar e revisar o funcionamento da programación en todos os seus aspectos. Servirannos de guía os resultados obtidos polo alumnado, as súas interaccións na aula e fóra dela, e as súas reaccións ante as actividades plantexadas.

A avaliación realizarase dun xeito non formal baseado na experiencia das docentes (observación e análise de reultados). Fundamentalmente, os aspectos a avaliar serán:

- a adecuación da secuenciación e da temporalización das UD.
- a adecuación dos estándares para cada UD
- a adecuación da asignación do peso de cada estándar na cualificación
- a adecuación dos distintos instrumentos
- a adecuación da metodoloxía

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

- a adecuación dos criterios establecidos para a recuperación
- a adecuación das medidas específicas de atención ó alumnado con NEAE

As modificacións plantexadas en función dos resultados, unha vez analizadas as causas dos mesmos, terán que ser aprobadas por maioría simple

Anexo I

FP Básica e Ciclo Medio de Xestión Administrativa

O departamento imparte docencia no primeiro curso do Ciclo Medio de Xestión Administrativa e en primeiro e segundo da Formación Profesional Básica de Servizos Administrativos. As programacións elabóranse online, polo tanto toda a información está exposta en www.edu.xunta.es/programacións.

Anexo II

Ensinanzas para Adultos

A programación de inglés da ESA (Ensinanza Secundaria para Adultos) , irá incluída na programación xeral de nocturno, polo que deberase acudir á dita programación para calquera consulta.

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

Apéndice .

Ensino Non-presencial

No caso de confinamento dunha/ dun alumna/o, garantiráse a súa formación académica seguindo os medios telemáticos que se describen a continuación.

No caso dun escenario de confinamento e docencia a distancia, o proceso de ensino-aprendizaxe levaríase a cabo telemáticamente. Isto afectaría ós seguintes elementos da programación:

3.b. Concreción dos estándares básicos. Temporalización. Instrumentos de avaliación e formas de rexistro.

A maioría dos estándares de aprendizaxe do bloque 2 (producción de textos orais: expresión e interacción) e os instrumentos de avaliación e formas de rexistro veríanse afectados en todos os niveis ó non poder interactuar o alumnado coas docentes nin cos compañeiros na aula.

Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción

	Estándares de aprendizaxe Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación e rexistro
1º ESO	PLEB2.2	Exposición oral, Descripción de fotos Rexistro/ Rúbrica
2º ESO	PLEB2.3	Exposición oral, Descripción de fotos Rexistro/ Rúbrica
3º ESO	PLEB2.3	Exposición oral, Descripción de fotos Rexistro/ Rúbrica
4º ESO	PLEB2.3	Exposición oral, Descripción de fotos Rexistro/ Rúbrica
1º BACH	PLEB2. 1 PLEB2.5	Exposición oral, Descripción de fotos Rexistro/ Rúbrica
2º BACH	PLEB2.2	Exposición oral, Descripción de fotos Rexistro/ Rúbrica

4. c. Procedementos e instrumentos de avaliación

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

En caso de un eventual escenario de ensino non presencial, a cualificación final será a suma das notas acadadas nos procesos de avaliación das distintas competencias, centrándonos na **Competencia Lingüística**, seguindo a programación para ensino presencial.

Os instrumentos para rexistrar esta competencia serán:

A) De ser posible, realizaranse **probos obxectivos de desempeño presenciais seguindo a estrutura detallada no punto 4.c. da programación**, sempre con medidas de seguridade e establecendo turnos para realizar as probas en grupos reducidos dado que con probas online non é posible asegurar as condicións técnicas nin de respecto da ética académica que garante unha avaliación equitativa e obxectiva do nivel competencial do alumnado cuxos coñecementos debe demostrar sen axudas externas.

B) De non ser posible a celebración das probas, os instrumentos que nos servirán para avaliar a Competencia Lingüística serán determinadas **tarefas realizadas e recollidas na aula, en relación cos estándares mínimos esixibles e mantendo os mesmos porcentaxes de cuantificación que nas probas.**

No caso de que algún alumno non poida presentarse á proba presencial por motivos de saúde, a súa avaliación basearase nas tarefas entregadas na aula.

C) De non ser posible ningunha das anteriores posibilidades, as **probos obxectivos** de desempeño realizaranse **na Aula Virtual**, seguindo o mesmo formato e porcentaxe de cuantificación que se foran presenciais e terán un tempo limitado e faranse en horas concretas, coincidindo co horario lectivo do alumnado.

De comprobarse que o alumno realiza as probas con axuda externa (ben por plaxio de fontes telemáticas, ben por copiar de compañeiros, ben por desaxustes razoables entre o seu nivel e o presentado), as preguntas afectadas obterán unha puntuación de cero (0).

A proba de *Speaking* axustarase ó escenario online e consistirá :

Na ESO nunha presentación falando sobre si mesmos ou sobre a suá situación cotiá, enviando un audio.

No Bacharelato na descrición dunha foto ou nun monólogo describindo unha situación cotiá, enviando un audio.

As demais competencias serán cuantificadas da mesma forma que se detalla no punto 4.c. e descritas a continuación.

ESO

Competencias	Items a valorar	Cuantificación items	Peso total da competencia
Sociáis e Cívica	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Asiste ás clases por videoconferencia. ▪ Interioriza valores básicos (ética no traballo). ▪ Respeto os dereitos dos demais. 	10%	10%
Conciencia e Expresións Culturais	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Valora o uso do inglés mostrando respecto e interese por outras culturas. 	5%	5%
Dixital	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Obtén información en Internet para a resolución de tarefas. 	1%	2%

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Realiza presentación e proxectos en inglés utilizando diferentes soportes e ferramentas dixitais. 	1%	
Aprender a Aprender	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utiliza o seu material. ▪ Planifica, organiza e revisa as súas tarefas. ▪ Entrega proxectos e actividades en prazo. 	1% 4% 4%	9%
Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Participa con interese. ▪ Realiza as súas tarefas de forma autónoma. 	2% 2%	4%

2º Bacharelato

Competencias	Ítems a valorar	Cuantificación ítems	Peso total da competencia
Sociáis e Cívica	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Respeto os dereitos dos demais ▪ Interioriza valores básicos (ética no traballo). ▪ Asiste ás videoconferencias. 	2,5% 2,5%	5%
Conciencia e Expresións Culturais	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Valora o uso do inglés mostrando respecto e interese por outras culturas. 	5%	5%
Aprender a Aprender	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Usa o seu material. ▪ Entrega proxectos e actividades en prazo. 	1% 4%	5%
Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Participa con interese. ▪ Realiza as súas tarefas con presteza e de forma autónoma. 	2,5% 2,5%	5%

5. Concrecións metodolóxicas que require a materia

A metodoloxía seguirá sendo activa e comunicativa aínda que a oralidade verase reducida neste tipo de ensino ó carecer do entorno presencial que favoreza a expresión oral

Programación de Área: Inglés
IES de Rodeira
Curso 2022-2023

Os contidos presentaráselle ó alumnado mediante “ Flipped Classroom”, apuntamentos ou presentacións na Aula Virtual. As clases impartiránse por videoconferencia para explicacións máis polo miúdo, aclaracións e dúbidas. Diseñaránse máis actividades de auto-aprendizaxe.

Os recursos e ferramentas dixitais serán os usados.

6. Materiais e recursos didácticos

Amplíanse ós seguintes:

- Aula virtual do centro (plataforma Moodle)
- Plataforma Webex para videoconferencias.

9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

ESO

Plan de traballo: Daráselle material de reforzón para recuperar, un caderniño para traballar independentemente, ó inicio do curso. O alumnado será supervisado dun xeito continuado polo profesorado correspondente, de forma telemática.

Actividades de avaliación. O material de reforzo deberá ser entregado en tres prazos coincidindo coas avaliacións. Se non pode ser unha entrega presencial, poderá facela a través da aula virtual.

Criterios para superar as materias pendentes pola avaliación continua. Por decisión unánime do Departamento, reflexada en acta do mesmo e da CCP, entendemos que a materia é progresiva. Polo tanto, cando acade o aprobado na materia do curso no que estea matriculado , darase por recuperada a asignatura, agás no caso do alumnado de cuarto de ESO que poida titular cunha ou dúas materias suspensas.

Bacharelato

Plan de traballo: Ademáis das actividades propostas nas unidades que sirven de reforzo, daráselle ó alumnado una batería de exercicios para traballar as diferentes destrezas ó inicio de curso. Ese caderniño será traballado de forma independente e non é de entrega obrigatoria, aínda que o poden entregar a través da Aula Virtual para a súa corrección. O alumnado conta co apoio e seguimento das docentes via telemática.

Actividades de avaliación: De non ser posible facer as probas de forma presencial, éstas serán telemáticas.

Compoñentes do Seminario de Inglés

Laura Cao Dóriga

Beatriz Franco Martínez

Sonia Galerón Gómez

Susana P. García Castiñeira (X.S)

M^a Nieves García Díaz

Ana Alvarellós Pérez (Dpto. de Francés con afín Inglés, encargada da ESA)

Cangas, 7 de setembro 2022

